

**ACORDO ENTRE A XUNTA DE GALICIA E A FEDERACIÓN GALEGA DE  
MUNICIPIOS E PROVINCIAS EN RELACIÓN A MELLORAS NO FINANCIAMENTO  
DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR (SAF)**

En Santiago de Compostela, a 5 de febreiro de 2026

**REUNIDOS**

Dunha parte, don Alfonso Rueda Valenzuela, presidente da Xunta de Galicia, en virtude do Decreto 380/2024, do 11 de abril, que actúa no exercicio do seu cargo en representación da Xunta de Galicia, de conformidade co disposto nos artigos 152.1 da Constitución e 15 do Estatuto de Autonomía de Galicia.

Doutra parte, don Alberto Varela Paz, na súa condición de Presidente da Federación Galega de Municipios e Provincias (en adiante Fegamp), CIF V15160963 e sede na rúa de Varsovia, 4C, 6º andar, 15707 Santiago de Compostela (A Coruña) no uso das facultades que lle son atribuídas polos artigos 8 e 46, punto primeiro, letra b) dos vixentes Estatutos da Fegamp (aprobados pola asemblea xeral ordinaria do 4 de decembro de 2003) e en virtude do seu nomeamento pola asemblea xeral do 15 de novembro de 2023.

Ambas partes recoñécense mutuamente a capacidade para obrigarse e outorgar este Convenio en nome da Xunta de Galicia e da Fegamp respectivamente.



1

## EXPOÑEN


Conforme ao disposto no artigo 27.23 da lei orgánica 1/1981, do 6 de abril, do Estatuto de Autonomía para Galicia, a asistencia social primaria é unha competencia exclusiva da Comunidade Autónoma galega.

O Servizo de Axuda no Fogar (en adiante, SAF), iniciado en Galicia na década dos anos 1980, supuxo un dos máis importantes recursos sociais de apoio para as persoas con déficits de autonomía persoal. Ata a chegada da lei 39/2006, do 14 de decembro, de Promoción da Autonomía Persoal e Atención ás Persoas en Situación de Dependencia, configurábase unicamente como un servizo de libre concorrencia, onde se asignaban horas en función dun baremo fixado por cada concello.

Esta Lei contempla, no seu artigo 32.3, que a achega anual da Comunidade Autónoma de Galicia ten que ser, polo menos igual á realizada pola administración xeral do Estado para o financiamento do nivel mínimo e do nivel acordado de protección do SADD. En calquera caso, Estado e Comunidade Autónoma deben financiar a totalidade do custo do servizo da provisión de servizos e prestación do SAF, sen prexuízo da participación das entidades locais prevista no artigo 12 da devandita Lei.

Trala aprobación desta lei, pasou a configurarse como un dereito subxectivo para as persoas en situación de dependencia en cuxo programa individual de atención (en adiante, PIA), se estableza este recurso, asumindo as entidades locais o sistema de libre concorrencia no resto de casuísticas, coa colaboración económica da Xunta de Galicia nos concellos de máis de 20.000 habitantes.

O SAF, nas súas vertentes de libre concorrencia e atención á dependencia, defínese na lei 13/2008, do 3 de decembro, de Servizos Sociais de Galicia, como




un servizo social comunitario básico de competencia municipal. No artigo 53.2 da mesma norma establécese que a atribución de competencias de titularidade autonómica en materia de servizos sociais deberá ir acompañada da transferencia dos medios económicos, materiais e persoais que resulten adecuada ao exercicio das mesmas, que é a casuística do SAF a atención a dependentes, conforme ao disposto na lei 39/2006 e no Estatuto de Autonomía para Galicia.

Trátase dun servizo moi demandado na atención á dependencia, pois proporciona coidados profesionais ao tempo que posibilita a permanencia da persoa na súa contorna familiar.

As entidades locais que xestionan o SAF rexistran unha grande disparidade no custo da prestación do servizo, condicionadas en gran parte pola modalidade de xestión do mesmo, pola súa estrutura organizativa e tamén polas características xeográficas do municipio.

O financiamento autonómico do SAF, a través de fondos propios e fondos finalistas do Estado para atención da dependencia, está fixado actualmente en 12 euros/hora, o que supón a porcentaxe maioritaria do custo do servizo en termos xerais, no Decreto 99/2012, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento, e na Orde do 2 de xuño de 2023, pola que se modifica o módulo de financiamento do SAF a persoas en situación de dependencia.

A Xunta de Galicia é consciente de que, en moitos casos, o custo que afrontan as entidades locais para a prestación do SAF se foi incrementando nos últimos anos no seu prezo/hora. Este incremento supón un esforzo financeiro adicional para as entidades locais prestadoras do servizo e, polo tanto, dificulta que o SAF sexa ofrecido nas condicións óptimas, coa homoxeneidade desexable e que chegue a todos os seus potenciais destinatarios.



Polo tanto, a Xunta de Galicia e a Fegamp consideran conxuntamente que é necesario revisar o financiamento do Servizo de Axuda no Fogar, dentro dun acordo plurianual estable.

En base a todo o anterior **ACORDAN:**

1. Actualizar as tarifas de acordo co seguinte cronograma e importes:
  - a. No 2026: 16 euros/hora (con efectos retroactivos desde o día 1 de xaneiro de 2026).
  - b. No 2027: 17 euros/hora.
  - c. No 2028: 18 euros/hora, permanecendo vixente, como mínimo, ata o 31 de decembro.
2. A Xunta de Galicia e as entidades locais prestadoras do SAF comprométense a establecer os procedementos necesarios para poder maximizar a extensión do servizo, co compromiso de reducir ao mínimo o número de persoas que teñen este servizo no seu PIA e aínda non o están a recibir, tendo en conta a dispoñibilidade orzamentaria de cada entidade local.
3. Constituirase unha comisión mixta entre ambas entidades para a abordaxe das seguintes cuestións:
  - a) Seguimento e estudo das condicións da licitación dos contratos do SAF nas entidades locais de Galicia, no que se elaborará un informe anual que inclúa a evolución dos prezos, co obxectivo de determinar

anualmente o custo total do servizo, considerando a obriga de financiamento do 100% polo Estado, a Comunidade Autónoma e o copagamento do usuario, seguindo o disposto na lei 39/2006.

- b) Abordaxe das distintas problemáticas do SAF, como o déficit de persoal, a formación, a incidencia nos servizos sociais de base na prestación do SAF, a tipoloxía de contratación e a garantía de igualdade de dereitos prestacionais para as persoas usuarias, entre outras cuestións.

4. A Comisión contará coa seguinte composición:

- a) Na presidencia, a persoa titular da Consellería de Política Social ou persoa na que delegue.
- b) Na vicepresidencia, a persoa titular da presidencia da Fegamp ou persoa en quen delegue.
- c) Seis técnicos, tres deles designados pola Consellería de Política Social e outros tres pola Fegamp.

5. Esta Comisión reunirse con carácter semestral, sen prexuízo de manter unha periodicidade maior de xuntanzas a petición dalgunhas das partes asinantes.

6. A Xunta de Galicia porá á disposición das entidades locais de Galicia, a través da Fegamp, un modelo de prego tipo que sirva de orientación para as futuras licitacións do SAF nos concellos de Galicia.

7. Tomaranse as medidas necesarias para estandarizar na medida do posible os servizos que se prestan e as condicións nas que se fai, así como reflectir publicamente a implicación das administracións públicas



que participan no financiamento deste servizo.

8. A Xunta de Galicia e a Fegamp comprométense a revisar este acordo a partir do ano 2028 para aplicar o prezo actualizado no ano 2029 e seguintes, sen prexuízo de que no período 2026-2028 se poidan incrementar os prezos acordados en función do eventual incremento de financiamento en materia de dependencia que se poida producir no período 2026-2028, e que permita sufragar por parte do Estado, da Comunidade Autónoma, xunto co copagamento, a totalidade do custo efectivo do servizo, tal e como dispón a lei 39/2006.
9. A Xunta de Galicia comprométese a levar a cabo as modificacións normativas necesarias para o desenvolvemento deste acordo desde o momento da sinatura do mesmo.

**Pola Xunta de Galicia**



Alfonso Rueda Valenzuela  
Presidente

**Pola Fegamp**



Alberto Varela Paz  
Presidente